

A PESCA RESPONSABLE



Desde hai miles de anos o mar constitúe un xeito de vida para millóns de persoas, que viven aproveitando os innumerables recursos que ofrece.

Nembargantes non todos souberon respectar aquilo que lles deu sustento, e axiña pagamos as consecuencias: esgotamento de caladoiros sobreexplotados, desaparición de fixación de moluscos en moitas praias, contaminación das augas das bahías, e un longo etcétera son froito dun uso e abuso despreocupado e agresivo do mar.




A SUPERVIVENCIA DAS PESQUEIRAS

O mar é a galiña dos ovos de ouro, só hai que ir a recoller o que unha e outra vez produce, mais debemos coidar de que non morra.

A mellor forma de xestionar unha pesquería é manter as capturas e a calidade do peixe ó máximo, e facelo así por moitos anos. Se descende a cantidade ou a calidade das capturas estamos obtendo un rendemento menor do que poderíamos ter.

GRÁFICA DE CRECEMENTO

Os individuos medran ata chegar a un punto no que o crecemento detense ou segue moi lentamente.



- Cada ano deixase unha marxe de peixes para que siga habendo reprodución e a poboación non baixe.
- Se pescamos por baixo da talla mínima legal estamos quitando reprodutores, de xeito que para o ano seguinte nacerán menos peixes.
- Pescar por baixo da talla mínima legal é un círculo, xa que para conseguir o cupo en anos seguintes haberá que recurrir a peixes cada vez máis pequenos, co cal perdemos cada ano un número maior de reprodutores e temos menos alevíns.

Manter a cantidade e calidade nas pesquerías é o que pretenden tallas mínimas legais e cupos.

AS TALLAS MÍNIMAS LEGAIS garanten que os animais se poidan reproducir cando menos unha vez antes de seren capturados, se non malamente a poboación se pode recuperar de ano en ano.

OS CUPOS buscan que só se extraia da poboación un número de individuos tal que ó ano seguinte se recupere e teñamos o mesmo número do ano anterior, e así en anos sucesivos. Tendo en conta para cada especie en particular as súas características biolóxicas.

A

A/ Pescando correctamente podemos manter indefinidamente os topas e conseguir un bo prezo polo peixe de calidade que se pon no mercado.



Talla mínima legal
Reprodutores
Alevíns



B/ Se forzamos os caladoiros obtemos un beneficio irreal ó principio, xa que pasado o tempo as capturas diminúen inevitabilmente.


O que resulta máis grave é ter que recurrir ó peixe pequenos para chegar ós cupos, co cal caen os prezos e a poboación esgotase ó gran velocidade. Levando a súa vez á redución de cupos e á necesidade de establecer paros biolóxicos que permitan a recuperación.

B

EQILIBRIO NO MAR

Is que traballan no mar saben mellor que ninguén o complicado que é.

A diferencia da terra non podemos ver o que alá en baixo corre. O que si sabemos con seguridade é o relacionado que está todo: os animais, as algas, o lugar onde viven e auga que serve de unión entre todos eles.



O home ten competidores no mar, aves ou golfinhos capturan nalgúns casos os mesmos peixes ca nos. O perxuízo que poden causar non é comparable ó beneficio que supón o feito de que existan. Cada ser vivo ten un papel imprescindible na cadea alimentaria, rachala afecta a tódolos seus integrantes.

A desaparición dun predador pode ter como consecuencia a aparición de outro máis voraz, ou o crecemento masivo dalgunha das súas presas habituais, que non ten porque ser a de interese pesqueiro, e que compita polo alimento ou polo espazo con esta desprazándoa.

Rachar o equilibrio que a Natureza estableceu despois de milleiros de anos é doado, pero recuperalo resulta cáseque imposible.

O ABUSO DO MAR

Os océanos son moi grandes, pero non infinitos. Unha rede vella tirada pola borda semella que se perde na inmensidade do mar, pero moitos se desfán así dos seus aparellos e campaña tras campaña, todos eses anacos provocan a morte de milleiros de peixes, aves e mamíferos que se enredan neles.

O mesmo sucede cando tiramos plásticos, latas ou cabichas de cigarros, os animais confúndenos con comida e morren co estómago obstruído ó non poder dixerilos.

As bateas orxinan baixo elas un exceso de materia orgánica en descomposición, produto das cunchas e desfeitos dos mexillóns. Recoller todos os residuos das operacións de encordado e desdobre, en lugar de verqueiros ó mar, diminúe este efecto e é unha labourea doada que debemos facer para non aumentar a contaminación.

O combustible, aceite ou auga das sentinas colabora tamén a ir incrementando a cantidade de hidrocarburos. Pouco a pouco xa se foi avanzando e decatándose da importancia que ten defender e respectar o mar no que traballamos. Debemos seguir nesta liña, comprometéndonos coa nosa actuación respectuosa e requeríndolle a mesma actitude a quen non se comporte así. Tratando de explicar que coidando o mar e os seus habitantes aseguramos a nosa fonte de vida.



Documentación publicada cunha axuda da Consellería de Pesca, Marisqueo e Acuicultura

Debuxos: David Meyer, Maly

Dirección: Mariño Díaz Meyer

Textos: Sadi Nader, Andrés Smith, Purificación París

A PESCA RESPONSABLE



Desde hai miles de anos o mar constitúe un xeito de vida para millóns de persoas, que viven aproveitando os innumerables recursos que ofrece.

Nembargantes non todos souberon respectar aquilo que lles deu sustento, e axiña pagamos as consecuencias: esgotamento de caladoiros sobreexplotados, desaparición de fixación de moluscos en moitas praias, contaminación das augas das bahías, e un longo etcétera son froito dun uso e abuso despreocupado e agresivo do mar.

